

## 1.5. ■ ■ inflación e tipos de xuro

■ A análise da inflación e tipos de xuro baséase nos fatos facilitados polo INE, o Banco de España e o Consello Galego de Relacións Laborais. Un primeiro aspecto a ter en conta é que, a partires do 22 de febreiro de 2002, o INE levou a cabo a implantación definitiva do novo sistema de Índices de Prezos ó Consumo-Base 2001.

Coa súa entrada en vigor comeza un novo Sistema de cálculo do IPC establécese un marco de actuación totalmente distinto ó existente ata o momento, ó non tratarse dun mero cambio de base e si dun proceso moito máis amplo. Presenta como características máis importantes o seu dinamismo e a súa actualidade. Es un IPC máis dinámico que os seus predecesores na medida en que anualmente revisará as ponderacións para certos niveis de agregación funcional (o **cadro 1.5.1.** amosa as ponderacións dos diferentes grupos para Galicia e España no ano 2002) e incluírá no prazo máis breve posible calquera cambio detectado nos compoñentes do mercado, xa sexa a aparición de novos produtos, cambios na estrutura de consumo ou na mostra de municipios ou establecementos.

Un dos cambios máis importantes que se producirán no IPC coa entrada en vigor do novo sistema, base 2001, é a inclusión dos prezos rebaixados, que o anterior sistema, base 1992, non contemplaba.

Pero, ademais, será un IPC máis actual xa que revisará o seu sistema metodolóxico permanentemente co fin de melloralo. Así, estarase en contacto directo cos distintos foros académicos e organismos produtores nacionais e internacionais. Con este propósito crearase un proceso de actualización continua da estrutura de consumo, baseado nun fluxo continuo de información entre o IPC e a *Encuesta Continua de Presupuestos Familiares*, como fonte fundamental de información.

Cómpre salientar que cada cinco anos realizarase un completo cambio de base. Nesta revisión estrutural as operacións a realizar consistirán en determina-la composición da cesta da compra, as ponderacións para os niveis máis desagregados e a selección da mostra. Tamén virá acompañada dunha revisión moito máis profunda de tódolos aspectos metodolóxicos que definen o IPC.

CADRO 1.5.1.

*Índice de prezos ó consumo 2002* (1). *Ponderacións en Galicia e España*

	Galicia	España
Índice xeral	1000	1000
Alimentos e bebidas non alcohólicas	234,773	218,630
Bebidas alcohólicas e tabaco	31,828	32,170
Vestido e calzado	114,926	99,280
Vivenda	96,466	110,260
Menaxe	70,672	63,571
Medicina	27,493	28,062
Transporte	162,053	155,760
Comunicacións	22,499	25,729
Ocio e cultura	59,243	67,263
Ensino	14,240	17,444
Hoteis, cafés e restaurantes	99,956	112,708
Outros bens e servizos	65,850	69,124

(1) Base 2001 = 100  
Fonte: INE

CADRO 1.5.2.

*IPC galego e español 2002: índice e taxas de variación mensuais e anuais*

	Índice		Variación mensual (2)		Variación anual (3)	
	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España
			(%)			
Xaneiro	101,2	101,3	-0,5	-0,1	3,2	3,1
Febreiro	101,6	101,4	0,3	0,1	3,6	3,1
Marzo	102,3	102,2	0,8	0,8	3,6	3,1
Abril	103,8	103,6	1,4	1,4	4,0	3,6
Maio	104,2	103,9	0,4	0,4	3,9	3,6
Xuño	104,1	104,0	-0,1	0,0	3,6	3,4
Xullo	103,4	103,2	-0,7	-0,7	3,6	3,4
Agosto	103,7	103,5	0,3	0,3	3,9	3,6
Setembro	104,2	103,9	0,5	0,4	3,7	3,5
Outubro	105,6	104,9	1,4	1,0	4,4	4,0
Novembro	105,8	105,1	0,1	0,2	4,1	3,9
Decembro	106,1	105,5	0,3	0,3	4,3	4,0

(1) base 2001  
(2) calculada sobre o mes anterior  
(3) calculada sobre o mesmo mes do ano anterior  
Fonte: INE

## Inflación

Os datos do INE reflicten que no ano 2002 a **taxa de variación media anual** da inflación en Galicia –medida polo índice de prezos ó consumo (IPC)– foi de 3,8%, tres décimas superior á rexistrada no conxunto do estado. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia, xunto a Baleares e Navarra, presentan a taxa de inflación máis elevada, co devandito 3,8%.

A provincia de A Coruña é a que presenta a taxa de inflación máis elevada, cun 4,1%, seguida de Pontevedra co 3,8%. O **cadro C.1.8.** (*IPC galego e español 2002: medias e taxas de variación anuais*) amosa que Ourense rexistrou unha taxa de inflación inferior á media estatal, co 3,4%, sendo de 3,6% na provincia de Lugo.

Atendendo ós datos mensuais das taxas de inflación en Galicia e España, o **cadro 1.5.2.**

reflicte que ó longo dos doce meses do ano 2002, a variación anual da inflación galega (calculada sobre o mesmo mes do ano anterior) é superior á variación anual en España. O diferencial de inflación máis elevado prodúcese nos meses de febreiro e marzo, cando a inflación galega é 0,5 puntos superior á española, mentres que o máis reducido rexístrase en xaneiro, con 0,1 puntos.

A taxa de inflación máis elevada en Galicia correspondeu ó mes de outubro, cun 4,4%, seguido polas rexistradas en decembro e novembro, co 4,3% e 4,1%, respectivamente. No conxunto do Estado, estas variacións anuais ascenderon ó 4,0% nos meses de outubro e decembro, e ó 3,9% no mes de novembro.

Desagregando a análise segundo grupos de gasto, o **cadro 1.5.3.** reflicte que, os grupos máis inflacionistas, tanto en Galicia como no conxunto do Estado, son os de “bebidas alcohólicas e

CADRO 1.5.3.

IPC xeral (1) segundo grupos de gasto das CC.AA. 2002: taxas interanuais

	IPC xeral											IPC grupos de gasto												
	Alimentos e bebidas non alcohólicas	Bebidas alcohólicas e tabaco	Vestido e calzado	Vivenda	Menaxe	Medicinia	Transportes	Comunicacións	Ocio e cultura	Ensinanza	Hotéis, cafés e restaurantes	Outros	Alimentos e bebidas non alcohólicas	Bebidas alcohólicas e tabaco	Vestido e calzado	Vivenda	Menaxe	Medicinia	Transportes	Comunicacións	Ocio e cultura	Ensinanza	Hotéis, cafés e restaurantes	Outros
Andalucía	3,4	4,5	6,0	2,1	1,5	2,1	1,9	-2,9	2,0	4,1	5,9	3,5	3,6	4,2	5,5	2,7	1,8	3,5	2,3	-2,9	1,3	4,6	6,8	4,6
Aragón	3,7	5,0	5,4	2,4	2,0	1,9	2,1	-3,0	2,9	3,2	5,2	4,2	3,8	4,9	5,7	3,5	1,9	3,3	2,2	-3,0	2,2	4,3	6,2	4,6
Asturias	2,6	5,1	2,8	2,4	1,8	2,2	0,8	-3,0	1,5	3,2	4,4	3,3	3,4	4,8	5,7	2,4	2,1	2,4	1,9	-2,5	2,5	3,1	5,4	2,6
Baleares	3,4	4,4	5,8	1,6	2,1	2,9	1,8	-2,7	2,2	3,3	5,2	4,0	3,5	4,7	6,3	1,9	1,5	2,3	1,6	-2,9	2,2	3,7	5,8	4,0
Canarias	3,7	4,7	5,5	2,6	2,6	2,7	2,2	-3,0	3,1	4,2	5,5	4,4	3,1	4,7	5,5	2,7	2,2	3,0	2,2	-3,1	2,6	3,1	5,8	3,7
Cantabria	3,1	3,4	6,3	4,6	1,7	2,4	1,7	-3,0	1,7	2,9	5,6	3,3	3,4	4,9	5,9	2,3	2,5	4,4	2,0	-3,0	1,7	2,9	5,6	3,3
Castela e León	3,6	5,3	6,2	5,8	1,7	1,6	2,5	-2,9	2,1	3,6	5,2	4,1	3,6	4,2	5,8	1,7	1,7	1,6	2,5	-2,9	2,1	3,6	5,2	4,4
Castela-A Mancha	3,5	4,2	5,9	4,8	2,9	1,9	1,7	-2,7	3,4	2,8	6,1	4,4	3,5	4,2	4,8	2,9	1,8	1,9	1,7	-2,7	3,4	2,8	6,1	4,4
Cataluña	3,8	4,3	5,2	7,7	1,4	4,9	1,9	-3,1	2,7	4,8	5,9	4,3	3,8	4,3	7,7	1,4	2,6	4,9	1,9	-3,1	2,7	4,8	5,9	4,3
C. Valenciana	3,7	4,9	5,4	4,9	1,8	3,4	2,9	-3,0	2,9	5,8	6,0	4,0	3,7	4,3	5,4	1,8	3,4	2,9	1,6	-3,0	2,9	5,8	6,0	4,0
Estremadura	3,3	4,6	2,2	2,9	0,8	1,9	0,1	-2,9	3,0	3,2	5,2	5,1	3,3	3,4	5,1	3,0	2,1	3,4	2,3	-2,9	2,6	3,9	5,2	5,1
Galicia	3,8	4,9	5,5	5,9	2,3	4,4	2,0	-3,0	2,7	4,4	5,8	4,1	3,8	4,9	6,3	2,2	1,7	2,4	1,7	-3,0	1,7	2,9	5,6	3,3
Madrid	3,6	5,3	6,2	5,8	1,7	1,6	2,5	-2,9	2,1	3,6	5,2	4,1	3,6	4,2	5,8	1,7	1,7	1,6	2,5	-2,9	2,1	3,6	5,2	4,4
Murcia	3,5	4,2	5,9	4,8	2,9	1,9	1,7	-2,7	3,4	2,8	6,1	4,4	3,5	4,2	4,8	2,9	1,8	1,9	1,7	-2,7	3,4	2,8	6,1	4,4
Navarra	3,8	4,3	5,2	7,7	1,4	4,9	1,9	-3,1	2,7	4,8	5,9	4,3	3,8	4,3	7,7	1,4	2,6	4,9	1,9	-3,1	2,7	4,8	5,9	4,3
A Rioxa	3,7	4,9	5,4	4,9	1,8	3,4	2,9	-3,0	2,9	5,8	6,0	4,0	3,7	4,3	5,4	1,8	3,4	2,9	1,6	-3,0	2,9	5,8	6,0	4,0
Pais Vasco	3,7	4,3	5,2	5,1	3,0	3,4	2,3	-2,9	2,6	3,9	5,2	5,1	3,3	3,7	4,3	3,0	2,1	3,4	2,3	-2,9	2,6	3,9	5,2	5,1
Ceuta-Melilla	3,3	4,6	2,2	2,9	0,8	1,9	0,1	-2,9	3,0	3,2	4,3	4,9	3,3	3,4	5,1	5,4	0,8	1,9	0,1	-2,9	3,0	3,2	4,3	4,9
<b>Total</b>	<b>3,5</b>	<b>4,7</b>	<b>5,7</b>	<b>5,1</b>	<b>2,3</b>	<b>2,6</b>	<b>2,0</b>	<b>-2,9</b>	<b>2,5</b>	<b>3,8</b>	<b>5,6</b>	<b>4,1</b>	<b>3,5</b>	<b>4,7</b>	<b>5,7</b>	<b>2,3</b>	<b>2,0</b>	<b>2,6</b>	<b>2,0</b>	<b>-2,9</b>	<b>2,5</b>	<b>3,8</b>	<b>5,6</b>	<b>4,1</b>

(1) base 2001  
Fonte: INE

CADRO 1.5.4.

**Incremento salarial pactado nos convenios asinados e revisados con efectos para 2002: media ponderada**

	Sector		Empresa		Media Total
	Convenios	Revisión	Convenios	Revisión	
A Coruña	3,34	3,11	2,72	3,07	3,26
Lugo	3,08	2,16	2,85	2,50	2,94
Ourense	3,26	2,80	2,98	2,75	3,19
Pontevedra	3,17	3,24	3,11	3,63	3,19
<b>Total</b>	<b>3,22</b>	<b>3,14</b>	<b>2,54</b>	<b>3,22</b>	<b>3,12</b>
C.A./Interprov. C.A. (%)	3,17	3,36	2,08		2,64

Fonte: Consello Galego de Relacións Laborais

tabaco” (5,5% en Galicia e 5,7% en España), “vestido e calzado” (5,9% e 5,1%, respectivamente), e “hoteles, cafés e restaurantes” (5,8% en Galicia e 5,6% en España). Asemade, rexístrase un descenso da inflación no caso do grupo das “comunicacións”, sendo do 3,0% en Galicia e do 2,9% en España.

Un factor de análise sempre discutido no contexto da creación da inflación é a variación dos salarios monetarios. Tendo en conta a relación entre as ganancias salariais (pagos ordinarios) por traballador e mes e os incrementos salariais pactados, o **cadro C.2.9.** (*Custo laboral segundo traballador e mes e segundo hora efectiva nas CC.AA. 2001-02*) amosa que Galicia é a quinta comunidade autónoma cos salarios reais máis baixos, con 1.092,09 euros (154,52 euros menos que a media no conxunto do Estado), por diante de Extremadura, Murcia, Castela A Mancha e Canarias. En termos relativos, o incremento salarial real en Galicia foi de 3,0%, nove décimas inferior ó rexistrado no conxunto do Estado, só por diante de C. Valenciana, A Rioxa, Extremadura, Castela A Mancha e Castela e León.

O incremento salarial medio pactado nos 264 convenios asinados ou revisados en 2002 foi do 3,12%, en tanto que o incremento do IPC galego foi do 3,8%. Se se teñen en conta os incrementos salariais indicados nos 190 convenios rexistrados en anos anteriores pero con vixencia en 2002 que non rexistran unha revisión salarial, o incremento medio pactado é do 3,09% (3,16% nos convenios de sector e 2,68% nos de empresa).

Cómpre salientar que tanto os datos estatís-

ticos relativos á negociación colectiva (por mor do posible solapamento de cifras entre as unidades de negociación funcionais e territoriais) como os relativos ó crecemento real dos salarios e a propia representatividade da mostra, que non se corresponde coa totalidade da poboación asalariada, hai que analízalos con cautela.

No concernte a outros indicadores de prezos, o **cadro C.1.10.** (*Índice de prezos industriais nas CC.AA. segundo destino económico 2002: taxas medias de variación anuais*) amosa que o índice xeral de prezos industriais en Galicia rexistrou no ano 2002 unha medra do 2,1% respecto ó ano 2000, sendo esta porcentaxe tres décimas inferior á rexistrada no conxunto do Estado.

Atendendo á desagregación segundo destino económico, o devandito cadro reflicte que, respecto ó ano 2000, os prezos industriais medraron en Galicia un 5,6% no caso dos bens de consumo (5,9% no conxunto do Estado), sendo este crecemento do 3,4% no caso dos bens de equipamento (3,0% no conxunto do Estado), e de 1,7% no caso dos bens intermedios (1,6% en España). Pola contra, o índice de prezos na industria enerxética descende un 3,2% tanto no conxunto do Estado como en Galicia.

## Tipos de xuro

En relación ós tipos de xuro, no ano 2002 rexístrase unha caída do **rendemento da débeda pública a longo prazo** na meirande parte dos países da zona euro (**cadro 1.5.5.**). En España o tipo de interese dos bonos a dez anos acadou os

**CADRO 1.5.5.**
**Rendementos da débeda pública a longo prazo en España e UE  
2001-02 <sup>(1)</sup>**

	2001	2002
	(%)	
<b>Zona euro</b>	5,03	4,92
Alemaña	4,80	4,78
Austria	5,07	4,97
Bélxica	5,13	4,99
Dinamarca	5,08	5,06
España	5,12	4,96
Finlandia	5,04	4,98
Francia	4,94	4,86
Grecia	5,30	5,12
Holanda	4,96	4,89
Irlanda	5,01	5,01
Italia	5,19	5,03
Luxemburgo	4,86	4,70
Portugal	5,16	5,00
Reino Unido	5,01	4,91
Suecia	5,11	5,30

(1) empregados para a medición da converxencia dos países da UE  
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *Banco de España*

**CADRO 1.5.6.**
**Tipos de xuros en España 2001-02**

	Tipo de xuro legal	Tipo interbancario		Tipo activo de referencia de caixas de aforro	Tipo medio préstamos hipotecarios a máis de 3 anos. Adquisición de vivenda libre		
		Mibor a un ano	Euribor a un ano		Bancos	Caixas de Aforros	Conxunto entidades
<b>2001</b>	5,50	4,077	4,084	6,646	5,597	5,926	5,760
<b>2002</b>	4,25	3,489	3,493	5,875	4,687	4,896	4,795

Fonte: *Banco de España, Boletín estadístico*

4,96% fronte ós 5,12% do ano anterior, sendo na Unión Europea de 4,92% e 5,03%, respectivamente.

O **cadro 1.5.6.** reflicte que, a diferenza do acontecido en 2001, en 2002 descendeu o tipo de xuro legal, acadando o 4,25 fronte ó 5,50 do ano anterior. Este descenso tamén se rexistra no caso do tipo interbancario a un ano, que acada o 3,493 no caso do euribor (4,084 no ano anterior) e o 3,489 no caso do mibor (4,077 en 2001). No concernente ó “tipo medio dos préstamos hipotecarios a máis de tres anos. Adquisición de vivenda libre”, este baixa do 5% no ano 2002, acadando o 4,795, fronte ó 5,760 do ano anterior. ■

